



 XUNTA  
DE GALICIA

 Xacobeo 21-22

Ourense



*Ourense vella e medieval*  
un paseo de  
historia e vida

# Ourense



OURENSE, CAPITAL DA PROVINCIA DO MESMO NOME, FOI FUNDADA POLOS ROMANOS NUN LUGAR ESTRATÉXICO E PRIVILEXIADO, UNHA ENCRUCILLADA NATURAL DE CAMIÑOS E DE CONFLUENCIA ENTRE RÍOS. SITÚASE NUNHA DEPRESIÓN NO VAL DO RÍO MIÑO, ARRODEADA DE OUTEIROS, A TAN SÓ 135 METROS SOBRE O NIVEL DO MAR, O QUE PROPICIA UN CLIMA DE FORTES CONTRASTES AO LONGO DO ANO.

A FAMA DOS SEUS MANANCAIS CONVÉRTEA NA CAPITAL TERMAL DE GALICIA E É TAMÉN A SEGUNDA CIDADE DE EUROPA, TRAS BUDAPEST, QUE POSÚE UN MAIOR NÚMERO DE FONTES TERMAIS. DESTACAN OS MILENARIOS MANANCAIS DAS BURGAS, ASÍ COMO OS NUMEROSOS ESPAZOS DE BAÑO CREADOS AO LONGO DAS BEIRAS DO MIÑO, UN GRAN CORREDOR VERDE DE NATUREZA E BENESTAR.

OURENSE PRESUME DE COMERCIO E DE DESEÑADORES DE MODA, ASÍ COMO DUNHA ZONA MONUMENTAL CON RÚAS E PRACIÑAS MEDIEVAIS, IGREXAS, PAZOS E UN ENSANCHE DO SÉCULO DEZANOVE CON FERMOSES EXEMPLOS DE ARQUITECTURA MODERNISTA. É UNHA CIDADE QUE SORPRENDE E OS ENCANTOS DA CAL CONVIDÁMOLOS A COÑECER.

# Imprescindibles

A Praza Maior



B Casa de Fermin García



C Catedral Basílica de San Martiño



D Igrexa de Santa Maria Nai



E Praza de abastos e rianxo



F As Burgas







## Ourense vella e medieval

OURENSE, CAPITAL DA PROVINCIA DO MESMO NOME, FOI FUNDADA POLOS ROMANOS NUN LUGAR ESTRATÉXICO E PRIVILEXIADO, UNHA ENCRUCILLADA NATURAL DE CAMIÑOS E DE CONFLUENCIA ENTRE RÍOS. SITÚASE NUNHA DEPRESIÓN NO VAL DO RÍO MIÑO, ARRODEADA DE OUTEIROS, A TAN SÓ 135 METROS SOBRE O NIVEL DO MAR, O QUE PROPICIA UN CLIMA DE FORTES CONTRASTES AO LONGO DO ANO.

A FAMA DOS SEUS MANANCIAS CONVÉRTEA NA CAPITAL TERMAL DE GALICIA E É TAMÉN A SEGUNDA CIDADE DE EUROPA, TRAS BUDAPEST, QUE POSÚE UN MAIOR NÚMERO DE FONTES TERMAIS. DESTACAN OS MILENARIOS MANANCIAS DAS BURGAS, ASÍ COMO OS NUMEROSOS ESPAZOS DE BAÑO CREADOS AO LONGO DAS BEIRAS DO MIÑO, UN GRAN CORREDOR VERDE DE NATUREZA E BENESTAR.

OURENSE PRESUME DE COMERCIO E DE DESEÑADORES DE MODA, ASÍ COMO DUNHA ZONA MONUMENTAL CON RÚAS E PRACIÑAS MEDIEVAIS, IGREXAS, PAZOS E UN ENSANCHE DO SÉCULO DEZANOVE CON FERMOSES EXEMPLOS DE ARQUITECTURA MODERNISTA. É UNHA CIDADE QUE SORPRENDE E OS ENCANTOS DA CAL CONVIDÁMOLOS A COÑECER.

Iniciamos esta ruta na **praza Maior** <sup>1</sup>, vella praza do Campo, o lugar onde estaba o mercado na época medieval. Sorpréndenos a súa inclinación e o esporón, paseo elevado

creado no século XIX para ver e ser visto, hoxe cheo de animadas terrazas.

A praza amósanos unha gran variedade de arquitectura civil, con edificios dos séculos XVII ao XIX, dende os máis humildes realizados en palla e barro ata as construcións de cantaría propiedade de prósperos comerciantes. Entre estas últimas cabe salientar a CASA DE FERMÍN GARCÍA, que introduce o azulexo na súa fachada, o que foi unha auténtica novidade na época. Ademais, é a única de toda a praza que presenta columnas

**ESQUERDA** Praza Maior

**ABAIXO** Casa de Fermin Garcia





circulares, nas que algúns quixeron ver un símbolo da masonería. Os baixos empregáronse como almacén de quincalla mentres que na primeira planta vivía o propietario. O resto do edificio alugábase. Entre os seus inquilinos, na segunda planta, estableceron a súa consulta durante case 25 anos, un matrimonio de dentistas xudeus de orixe rusa, que chegaron a Ourense fuxindo da Revolución de 1917. Xamais imaxinaron que en 1936 te-

rían que volver fuxir a París! Hoxe o inmoble acolle a sala de exposicións de Afundación.

Preside a praza o edificio que serve de sede ao CONCELLO DE OURENSE, unha construción do ano 1888, nos balcóns de forxa do cal podemos ver os tres elementos do escudo de Ourense: o león, a ponte e a torre.

A praza Maior é un dos lugares máis animados da cidade, polas numerosas cafeterías con terraza que alí se estableceron. É especialmente concorrida os primeiros domingos de cada mes, cando acolle un curioso mercado de antigüidades, onde podemos atopar dende moedas, selos, libros ou discos ata



**ARRIBA** A praza Maior é un dos lugares máis animados da cidade

**ABAIXO** Sombrerería La Lucha

obxectos de decoración. É o lugar ideal para os coleccionistas.

Nos seus soportais encóntrase a Tenda Artesana (nº 12), un comercio de produtos artesanais, bixutería en aceiro, recordos, artigos de diferentes minerais e de agasallos. Pertence á asociación sen ánimo de lucro Aixiña. No establecemento destaca a súa tradicional fachada de madeira, chea de encanto.

No nº 10 do esporón sitúase a innovadora tenda EnOu Workshop que, á parte de vender artesanía e obxectos de deseño, ofrece cursos e obradoiros do máis variado. Entre os seus produtos atopamos pequenas xoias que poden ser personalizadas ou pezas de roupa de estampaxe artesanal realizadas por novos creadores. .

A escasos metros, no nº 7, atopamos outro negocio con tradición, a Mercería La Dalia, coñecida como as Dúas Irmás, que abriu en 1918 na achegada rúa das Tendras. Entre a súa



mercancía, atesoura mantillas españolas, peitas de cerimonia, ligas de noiva, antigos velos e un gran variado de fíos, puntillas e botóns.

Non podemos abandonar a praza sen nos deter ante o cartel da Casa dos Lentes, colocado alí en 1904, cando o seu fundador, acabado de chegar de Cuba, decidiu mercar o edificio para situar nos seus baixos unha óptica, que era tamén relojaría, tenda de bixutería e quincalla. Hoxe a tenda principal, inaugurada en 1967, atópase na rúa do Paseo nº 2 e continúa sendo un referente dentro do mundo da óptica.

Se seguimos o noso paseo pola **rúa das Tendras** 2, onde vemos Nikis Galicia Style, unha firma que interpreta, a través dos seus deseños de camisetas e artigos de agasallos,

**ARRIBA** Casa do Concello de Ourense

**ABAIXO** Casa dos Lentes





algúns referentes da cultura e idiosincrasia galegas. No nº 3 atopámonos a *Sombreiraría La Lucha*, que xa cumpriu o seu primeiro século, conservándose o interior case coma dende 1917. A atención personalizada, explicando as características de cada modelo de sombreiro, é selo distintivo da casa.

Dende aquí desvíamonos á praza de San Martiño para ver a FACHADA PRINCIPAL DA CATEDRAL, presidida por unha monumental escaleira dos anos 80, e que apenas presenta decoración. Destaca a Torre das Campás, con 40 metros de altura, dende onde se pode contemplar unha boa panorámica sobre a cidade.

A CATEDRAL BASÍLICA DE SAN MARTIÑO é unha das cinco existentes en Galicia. Foi construída entre os séculos XII e XIII en honor a san Martín de Tours, patrón da cidade. É imprescindible visitar no interior as súas tres obras mestras: o Pórtico do Paraíso, que conserva a súa policromía; a Capela do Santo Cristo, coa súa exuberante decoración barroca, que amosa o esplendor da Igrexa da época; e o Altar maior, co seu retablo do gran mestre Cornelius de Holanda. Animamos tamén aos curiosos a descubrir os singulares xogos de mesa labrados en granito que se atopan aos

**P. ANTERIORES** Catedral

**PÁXINA OPOSTA** Policromías do Pórtico del Paraíso

**ARRIBA** Praza do Trigo



pés do templo e que axudaron a algúns fieis a aturar as interminables cerimoniais.

Para visitar a catedral debemos acceder pola **praza do Trigo** 3, dende onde se poden ver as ameas e grandes torres defensivas que lle confiren un aspecto de fortaleza ao templo. Nesta praza porticada, que noutra época xuntou os prateiros, os oleiros e os vendedores de gran, contemplamos tamén algúns pazos notables de comerciantes. Entre eles, destaca a que ocupa no nº 4, a casa dos Temes, do século dezaoto, cunha preciosista decoración na súa cornixa e balcóns.

Ao saírmos da catedral, dirixímonos á contigua **praza da Madalena** 4, onde estaba o vello mercado de froitas e verduras e un camposanto, como o acreditan algunhas lápidas funerarias dispostas nun lateral. A praza é un dos recunchos máis fermosos da cidade, ideal para gozar de tranquilidade e descanso nas terrazas, sobre todo na época





de floración das camelias, cando se enche de vida e color.

Nun lateral da praza atópase a IGREXA DE SANTA MARÍA NA, patroa dos xastres, que foi erixida, probablemente, no mesmo terreo onde se tería construído a primeira igrexa cristiá de Ourense, como testemuñan as columnas de mármore reutilizadas na súa fachada. Se queremos gozar da mellor vista do templo, debemos baixar pola gran escalinata, que foi motivo de discordia entre o bispado e o concello. Esta histórica lea rememórase o Domingo de Resurrección coa «Cerimonia do desplante», na que a corporación municipal abandona a procesión ao pé da escalinata despois de que o clero lle negue a entrada á igrexa.

Na esquina sitúase o vello PAZO EPISCOPAL, unha construción do románico civil do século XII. Trátase dun enorme edificio-fortaleza que foi enclave do poder en Ourense dende a época romana, polo que non é de estrañar que sufra múltiples modificacións dende entón. Sobresae na súa fachada o ostentoso escudo episcopal de Muñoz de la Cueva e, nun lateral, aínda podemos ver a ventá xemi-

nada dende a que, segundo se conta, o señor bispo lle tomaba o pulso á cidade.

Continuamos o paseo pola **rúa Bispo Carrascosa** <sup>5</sup> e batemos cun escudo semellante na fachada do vello cárcere episcopal, coñecida tamén como CÁRCERE DA COROA, polo curioso corte de pelo coa coroa ao descubrirto que lucían os presos.

Baixamos as escaleiras da **rúa Bailén** <sup>6</sup>, onde no nº6 se sitúa o pequeno MUSEO CIRCO DE LOS MUCHACHOS, homenaxe á Cidade dos raparigos e o Pai Silva, que nos anos 60 creou a primeira escola circense de España, potenciando a integración de mozos en exclusión social. As súas xiras, centradas en espectáculos de acrobacias e a ausencia do emprego de animais, chegaron a ter carácter internacional.

Ao seu carón, no nº 4, a tenda Comercio Xusto ofrece produtos de consumo responsable, artesanías, papelería ecolóxica ou xogos de mesa de pequenas cooperativas procedentes de diversos lugares do mundo, así como comestibles coma cacao, azucre, café ou té, procedentes de cultivos respectuosos co medio ambiente.

Na inmediata **rúa das Burgas**, atopámonos con dous comercios singulares: Terko e Pet Sounds. O primeiro, situado no nº 3, é o lugar indicado para os afeccionados á estética militar, xa que entre a mercancía, nova e de

**PÁXINA OPOSTA** A gran escalinata da Igrexa de Santa María Nai, co Pazo Episcopal ao carón.



segunda mano, encóntranse mochilas de combate, roupa, gorras ou tendas de campaña de diferentes exércitos europeos. A segunda tenda, no nº 5, é un paraíso para os coleccionistas de discos de vinilo, cómics, libros ou cedés.

E así chegamos á zona das BURGAS, os principais mananciais termais da cidade e, se cadra, o recurso máis extraordinario de Ourense. As súas augas abrollan dende hai máis de dous mil anos de xeito ininterrompido a máis de 60 °C, cun caudal de 300 litros por minuto. Son de mineralización débil e foron empregadas con múltiples propósitos dende a fundación romana da urbe, ben como obxecto de culto, fonte de saúde, lugar de lecer ou de benestar.

No acceso á piscina termal pública atópase a coñecida como BURGA DE ARRIBA, fonte do século XVII de feitura popular. No recinto da piscina podemos ver a réplica de catro aras votivas romanas atopadas na zona durante as campañas arqueolóxicas. Resalta a primeira pola esquerda, en honor ás ninfas, e na que aparece Calpurnia Abana, nome coñecido en Ourense que, segundo nos contan os arqueó-



logos, sería unha das primeiras «turistas» da cidade, atraída pola fama dos mananciais.

A BURGA DE ABAIXO é a máis coñecida, pola súa silueta monumental e a xenerosidade do seu caudal. Chama a atención o seu fervedoiro, un pequeno estanque con auga carbonatada que dá a impresión de estar en permanente ebulición. Ao socairo deste espazo, durmían os peregrinos que percorrían a Vía da Prata, camiño de Compostela, e tamén era frecuentado, ata hai pouco tempo, polas vendedoras do mercado de abastos que aproveitaban estas fontes para desplumar as aves de curral, despois de escaldalas. Hoxe en día, é habitual ver aos ourensáns enchendo garrafas para aproveitar as propiedades curativas destas augas, sobre todo indicadas para os males da pel.

Neste punto atopamos comercios onde se poden adquirir todo tipo de obsequios e artesanías, coma As Fontes ou Artesanía Oreta Xiro. Tamén hai lugar para a gastronomía en Don Pablo Gourmet, onde podemos elixir entre unha boa selección de produtos galegos, coma as galletas de castaña, as pastas de albariño, o doce de grelos, as conservas

**PÁXINA OPORTA** As Burgas

**ARRIBA** Disfrutando na piscina termal pública



artesas, así como viños e licores das cinco denominacións de orixe.

Os interesados nos produtos frescos e do día pódense achegar á [PRAZA DE ABASTOS](#), o mercado municipal construído nos anos 20 do pasado século e que, debido a unhas obras, se situou provisionalmente na Alameda. Resulta un verdadeiro imán para os amantes do comercio tradicional, sobre todo polo rianxo, un espazo que a circunda formado por pequenos postos con produtos da horta e casetas de pan onde se venden directamente os produtos da comarca. Recomendamos especialmente a súa visita os días 7, 17 e 26 de cada mes (cando é domingo ou festivo pasa ao día seguinte), nos que se celebra a feira, xa que a zona se anima con máis de 250 postos de artesanía, téxtil, complementos, calzado...

Despois desta visita, desandamos o camiño e regresamos ao [bulevar das Burgas](#) 7, un agradable espazo axardinado onde podemos descubrir restos arqueolóxicos das primitivas termas de época romana. Os que desexen coñecer polo miúdo a historia dos manan-

ciais e, en xeral, do termalismo en Ourense, deben visitar o [CENTRO DE INTERPRETACIÓN AS BURGAS](#).

Dende aquí dirixímonos á [rúa do Vilar](#) 8, a existencia da cal data do século XII, polo que é considerada a rúa máis antiga da cidade e chegamos ata a [praza da Trindade](#) 9, onde destaca a [IGREXA DA TRINDADE](#). De estilo gótico, foi construída entre os séculos XII e XIII, sendo unha das máis vellas de Ourense, posiblemente vinculada a un antigo hospital de peregrinos. A portada renacentista dá acceso ao fermoso adro onde loce o fastixio doutro hospital, o de San Roque. As torres que flanquean a súa fachada sinalan o seu carácter defensivo.

Na inmediata [rúa Xerónimo Feixóo](#) 10 pasamos por diante do [INSTITUTO OTERO PEDRAYO](#), que foi o primeiro centro laico de ensino na cidade, inaugurado en 1896 e claro exemplo da arquitectura historicista. Podemos completar a visita no [XARDÍN DO POSÍO](#), nado como xardín botánico do propio instituto. Nel podemos gozar dun paseo entre palmeiras e árbores exóticas, contemplar as paxareiras ou tomar un apracible café na terraza da Cafetería Picasso observando os pavóns en liberdade.

Continuamos o noso paseo pola [rúa Julio Prieto Nespereira](#) 11 e no nº 32 atopámonos o galardoado restaurante [A Taberna](#). Presenta unha decoración que recrea a at-

mosfera de comezos do século XX, pola louza pendurada dos seus muros de pedra, o antigo chineiro ou os artesoados de madeira. Á súa cociña tradicional renovada engádelle máis de 300 referencias de viños e dende o ano 2010 posúe o «Q» de Calidade Turística. No nº 23 está [El Buen Tapeo](#), do xefe de cociña Ignacio León, autor do libro «Fusionemos la cocina» e do blog homónimo, nos que difunde receitas e consellos sobre gastronomía.

O itinerario lévanos á [praza de San Cósmede](#) 12 que debe o seu nome á capela do século XVI, dedicada a dous irmáns: san Cósmede e san Damián, xenerosos médicos e mártires cristiáns. Hoxe acolle o [ESPAZO EXPOSITIVO ARTURO BALTAR](#). Aquí atópase o famoso e singular Belén realizado por este escultor ourensán, unha obra de máis de 100 pezas modeladas en barro e polícromas, que representan monumentos da provincia de Ourense e escenas da vida popular galega.

Seguimos pola [rúa de Hernán Cortés](#) 13, outrora coñecida como a rúa dos Brancos, pola cor dos mostradores de mármore onde despachaban a súa mercancía os carniceiros. E chegamos á [praza de Pena Vixía](#) 14, onde se establece o [Rock Club](#), un local mítico da noite ourensá, que dende a súa apertura en 1997 foi considerado un dos santuarios da música rock en España. Sen saír da praza, está [El Pueblo Café Cultural](#), que naceu para difundir as tendencias máis novas e atrevi-

das en música, pintura, literatura ou fotografía.

Atravesamos deseguido a [praza de San Marcial](#) 15, chamada tamén da Fonte dos Coiros, porque a fonte que alí existía era utilizada para o lavado das peles antes do curtido. Os amantes do té poden visitar a [Terería Grándola](#) e, ao seu carón, a tenda [Cha](#), que ofrece 180 referencias de té e infusións por xunto así como todo tipo de accesorios para a súa elaboración e degustación.

Dende aquí nos diriximos, pola [rúa Padi-lla](#) 16, á [rúa de Colón](#) 17, na que se estableceron recentemente algúns artesáns e comerciantes. No nº 27 atópase [A Picota](#), especializada en ourivería de prata, as pezas da cal están inspiradas en motivos celtas e romanos como torques, trísceles ou entrenzados. No nº 24 [A Bufarda](#) está dedicada aos máis pequenos, onde poden atopar xoguetes educativos e participativos, que conviven cos máis tradicionais de lata, trapo ou plástico reciclado. Porén, os orixinais monicreques son os que máis captan a atención do público infantil.

Para regresar ao punto de partida só temos que seguir a rúa Colón en dirección á [praza Maior](#) 1.



## **O Conxunto histórico artístico de San Francisco**

Na parte alta da cidade, atópase o MIRADIRO DA RÚA DA ESTRELA, que nos permite gozar de fermosas vistas da catedral e do centro histórico, sobre todo dende a terraza da Cafetería Mirador San Francisco.

Na outra beira, atópanse os restos do ANTIGO CONVENTO FRANCISCANO, que a mediados do XIX pasou a ser cuartel do exército e que, trala súa restauración, se converteu en sede do Arquivo Histórico Provincial. Do antigo convento consérvase o claustro do século XIV, fermoso exemplo do gótico galego, con 63 arcos apuntados, capiteis e canzorros de rica decoración, no que destaca tamén a entrada á sala capitular. Ao seu carón, na antiga capela da Venerable Orde Terceira podemos gozar dunha sala temporal de exposicións con obras do Museo Arqueolóxico Provincial, onde se presenta unha interesante selección de pezas escultóricas dos fondos deste museo, cuxa sede da praza Maior actualmente está en proceso de restauración.

Paga a pena tamén a visita ao CEMITERIO DE SAN FRANCISCO, prototipo de camposanto romántico do século XIX, declarado Ben

de Interese Cultural, polos seus panteóns neogóticos e barrocos, testemuño do esplendor da burguesía ourensá. Importantes escritores, artistas ou industriais da cidade, coma Otero Pedrayo, Eduardo Blanco Amor ou Valentín Lamas-Carvajal, atópanse aquí soterrados.

## **As Ribeiras, pontes e espazos termais do Miño**

El O río Miño é unha parte fundamental da cidade de Ourense, hoxe convertido no seu verdadeiro pulmón verde e nun importante espazo de lecer. Ao longo da súa beira atopamos un paseo fluvial de 16 km que abrangue a coñecida como RUTA TERMAL DO MIÑO, de case seis quilómetros onde encontramos fontes e zonas de baño termais, algunhas gratuítas, outras de pago, dispostas ao aire libre e arrodeadas de natureza. Nas TERMAS DE OUTARIZ atopamos, ademais de espazos de baño aberto, instalacións termolúdicas inspiradas na tradición termal xaponesa do Onsen. Completan a ruta a popular fonte mineromedicinal do Tinteiro, así como as áreas termais da Chavasqueira, da Burga de Canedo e do Muíño da Veiga. Esta última toma o seu nome do muíño que aínda perdura, un dos moitos que xacando existían ás beiras do río Miño. Cada un destes espazos ofrece augas con temperaturas e propiedades diferentes, constituíndo unha singular oferta de relaxación, ocio e benestar que fai



de Ourense un referente termal dentro e fóra de España.

Dende a praza Maior parte o *Tren das Termas*, un curioso transporte que nos achega a estas fontes e espazos de baño xunto ao río mentres gozamos dun percorrido panorámico pola cidade. É un accesible e cómodo xeito de se achegar a este espazo único que ningún visitante debería perderse.

O río Miño é tamén coñecido polas moitas pontes que aquí o atravesan. Entre elas destacan a histórica PONTE VELLA (ou Romana), levantada no século I e un dos símbolos da cidade; a PONTE NOVA, realizada nos anos vinte do século pasado para mellorar as comunicacións; o VIADUTO DO FERROCARRIL, unha obra dos anos 50 que unía por tren Zamora e Ourense; e a PONTE DO MILENIO, inaugurada no ano 2001, que, coa súa vangardista forma,

converteuse nun privilexiado miradoiro sobre a cidade e o río.

### **O Conxunto arqueolóxico-natural de Santomé**

Está situado a escasos quilómetros do centro da cidade, nun medio natural único, con formacións vexetais mediterráneas e atlánticas. Dende alí podemos gozar dunhas boas vistas de Ourense e do barranco do río Lonia, sobre o que se sitúa este asentamento arqueolóxico. Datado entre os séculos I e II a.C., nel pódense observar restos dun poboado castrexo (prerromano) e dunha vila galaico-romana. Pódese visitar e conta con paneis explicativos para guiármonos e introducírmonos na vida e na cultura daquela época.

**ARRIBA** Termas de Outariz

## Outras guías relacionadas





გზიციბ